# Plan Dixital

**Centro educativo**

| Código | Centro | Concello | Ano Académico | Estado |
|---|---|---|---|---|
| 15026698 | IES Espiñeira | Boiro | 2024/2025 | Plan pechado-seguemento |

### 1. Vixencia

| Vixencia | Data |
|---|---|
| Curso inicio | 2024/2025 |
| Curso fin | 2024/2025 |
| Data de actualización | 25/10/24 |
| Data aprobación consello | 24/10/24 |
| Data aprobación claustro | 24/10/24 |

### 2. Introdución

O IES Espiñeira atópase na localidade de Boiro, na comarca do Barbanza na cara norte da Ría de Arousa. Trátase da segunda comarca con maior poboación da provincia de A Coruña.
Nesta comarca o sector agroalimentario copa 80% da industria,  tendo unha especial importancia as industrias relacionadas co sector da pesca. A pesar da gran importancia do sector agroalimentario dentro do sector industrial, cabe destacar que a industria non é o que máis peso ten na comarca, xa que alcanza un 26,39% do PIB polo 56% que alcanza o sector servizos.
O PIB per cápita no Concello de Boiro ascende a 18.628 euros, estando por debaixo da media provincial (25.233 €) e por debaixo da media galega (23.031 €). (Datos obtidos do IGE de 2018, últimos datos dispoñibles o día de elaboración deste plan).
Cabe destacar que o Concello de Boiro con 18.955 habitantes, conta cunha conexión de fibra de alta velocidade, tanto nos fogares do centro como no propio instituto. Aínda así en certos fogares aínda se carece de conexión a Internet debido a problemas económicos ou a problemas de conectividade en certas parroquias rurais.
O Plan Dixital busca servir como ferramenta á toda a comunidade educativa do centro, facilitando a mellora das infraestruturas e da competencia dixital, para poder desenvolver dun xeito máis eficaz o proxecto educativo de centro e potenciar e modernizar tódalas accións realizadas no instituto, véxase:

ensino na aula, mellora na comunicación coas familias, mellora na comunicación entre o profesorado, mellora nos trámites administrativos entre PAS, profesorado e equipo directivo, mellora nos proxectos de modernización do centro (como o PLAMBE), mellora na promoción do centro etc.
O Plan Dixital do centro, que tanto o noso instituto como o resto de centros educativos galegos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade teñen que aprobar, baséanse nas seguintes referencias lexislativas:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021- 2022.
- Artigo 37.1. do DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Artigo 18 da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- Artigo 35.1 do DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Artigo 21 da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

A elaboración do Plan corresponderá ao responsable en colaboración co equipo. Realizarase ao inicio de curso, nos meses de setembro e outubro, e finalizará coa súa aprobación en Claustro e Consello xunto a Programación Xeral Anual.

## 3. Contexto DAFO

### 3.1. Instrumentos de recollida de información previa

Para analizar a situación de partida do centro (tanto a nivel equipamento, como de competencia dixital dos membros da comunidade educativa) utilizáronse 2 ferramentas, o SELFIE (enquisa para tódolos membros da comunidade educativa) e o Test de Competencia Dixital Docente (para o persoal docente). Ademais destas dúas ferramentas o equipo do Plan Dixital reuniuse en diversas ocasións para analizar a situación de partida do instituto, realizando unha análise máis cualitativa e menos cuantitativa que coas ferramentas Selfie e Test CDD, baseándose no coñecemento do centro e do profesorado.
Ver resultados selfie
Ver resultados CDD

### 3.2. Análise interna

| DAFO | Descrición | Categoría | Obx. |
|---|---|---|---|
| Debilidade | Uso inadecuado dos equipos, non tendo un comportamento responsable sobre eles. | Alumnado | Non |
| Debilidade | Escasa verificación de información extraída da rede para a entrega de traballos. | Alumnado | Si |
| Debilidade | Non ter o coñecemento necesario para a resolución de problemas técnicos. | Alumnado | Non |
| Debilidade | Falta de comentarios con outros alumnos sobre o traballo realizado. | Alumnado | Si |
| Debilidade | Baixa competencia dixital | Familias | Non |
| Debilidade | Carencia de espazos físicos para creación de talleres nalgunhas áreas | Infraestruturas | Si |
| Debilidade | Ausencia de impresoras nas aulas e existencia dunha única impresora para todo o profesorado. | Infraestruturas | Si |
| Debilidade | O centro non dispón de equipos suficientes para o alumnado de ESO e BAC. | Infraestruturas | Si |
| Debilidade | Conexión inestable a internet, producíndose extrema lentitude e cortes en ocasións. | Infraestruturas | Si |
| Debilidade | Falta de apoio técnico. | Infraestruturas | Si |
| Debilidade | O centro carece de recursos dixitais en liña ben organizados. | Organización de centro | Si |
| Debilidade | Carencia dunha boa estratexia dixital. | Organización de centro | Si |
| Debilidade | O centro carece de equipo de dinamización dixital e coordinación TIC | Organización de centro | Si |
| Debilidade | Carencia de promoción de software libre por parte do equipo directivo do centro | Organización de centro | Non |
| Debilidade | Profesorado con competencias dixitais básicas ou insuficientes. | Persoal docente | Si |
| Debilidade | Carencia de tempo para desenvolver material para o aprendizaxe en tecnoloxías dixitais. | Persoal docente | Si |
| Debilidade | Uso de ferramentas non corporativas con posibles riscos na protección de datos. | Persoal docente | Si |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Fortaleza | Habilidades dixitais en diferentes materias, polo que poden facer entregas de traballos a través de medios dixitais sen moita dificultade | Alumnado | Non |
| Fortaleza | Autónomo na descarga e uso de aplicacións informáticas | Alumnado | Non |
| Fortaleza | Gran parte do alumnado usa tecnoloxías dixitais fóra do centro. | Alumnado | Non |
| Fortaleza | Aceptable implicación do alumnado no aprendizaxe das tecnoloxías dixitais. | Alumnado | Non |
| Fortaleza | Avisos as familias a través da aplicación AbalarMóbil | Familias | Non |
| Fortaleza | Comunicación regular e ben organizada coas familias. | Familias | Non |
| Fortaleza | En ciclos formativos, ratio de ordenador por alumno. | Infraestruturas | Non |
| Fortaleza | Aula de informática dotada con 20 PCs. | Infraestruturas | Non |
| Fortaleza | Equipamento do centro a nivel de aulas: internet, proxector e encerados dixitais, altofalantes. | Infraestruturas | Non |
| Fortaleza | Portátiles para o profesorado. | Infraestruturas | Non |
| Fortaleza | Oferta de FPB en informática. | Oferta | Non |
| Fortaleza | Concienciación por parte do equipo directivo da importancia do uso das TICs e da realización dun Plan Dixital para do centro. | Organización de centro | Non |
| Fortaleza | Seguimento de tarefas a través da aula virtual do centro . | Organización de centro | Non |
| Fortaleza | Na web do centro pódese atopar a maior parte da información necesaria. | Organización de centro | Non |
| Fortaleza | Boa comunicación coa comunidade educativa. | Organización de centro | Non |
| Fortaleza | Participación de actividades formativas organizadas pola administración educativa. | Persoal docente | Non |
| Fortaleza | Conserxe con coñecementos básicos en informática para realizar tarefas como configuración de impresoras, intalación de aplicacións,... | Persoal non docente | Non |

### 3.3. Análise externa

| DAFO | Descrición | Categoría | Obx. |
|---|---|---|---|
| Ameaza | Resolución das incidencias se alonga en prazos por ser a asistencia externa. | Administración educativa | Si |
| Ameaza | ANPA con escasa actividade | ANPA | Non |
| Ameaza | Nalgunhas parroquias rurais non chega a fibra óptica. | Contorna | Non |
| Ameaza | Non hai normas claras sobre a lei de protección de datos. Cambios na lexislación sobre o uso das TICs, lei de protección de datos,... | Lexislación | Non |
| Ameaza | Escasa colaboración con outros centros nas TICs . | Outras | Non |
| Oportunidade | Asistencia técnica externa. | Administración educativa | Non |
| Oportunidade | Posibilidade de formación continua a través dos centros de formación e recursos. | Administración educativa | Non |
| Oportunidade | Ampla oferta de cursos e obradoiros. | Administración educativa | Non |
| Oportunidade | Existencia dunha ANPA. | ANPA | Non |
| Oportunidade | Núcleo urbano de Boiro ben conectado. | Contorna | Non |
| Oportunidade | Existencia dunha rede de empresas colaboradoras co centro onde o alumnado de ciclos pode poñer en práctica os seus coñecementos TICs. | Contorna | Non |
| Oportunidade | As novas lexislacións tenden a fomentar o uso das TICs. | Lexislación | Si |
| Oportunidade | 2. Existencia dunha asociación Espazo familias na que participan todos os centros do concello e organizan formación as familias (ENAPA colectiva) | Outras | Non |
| Oportunidade | Desenvolvemento de varios cursos dixitais por parte do concello. | Outras | Non |

## 4. Obxectivos

### 4.1. Listaxe de obxectivos

| Código | Obxectivo |
|---|---|
| O01PD | Creación dun equipo TIC |
| O02PD | Formación do profesorado |
| O03PD | Mellorar a infraestrutura dixital do centro (equipos e redes) |
| O04PD | Empregar ferramentas dixitais na metodoloxía que capaciten ao alumnado a desenvolver a súa competencia dixital. |
| null | Mellorar a páxina web do centro |

### 4.2. Datos do obxectivo O01PD

| Código | Estado |
|---|---|
| O01PD | Pendente |

#### 4.2.1. Elementos DAFO relacionados

Ameaza - Administración educativa - Resolución das incidencias se alonga en prazos por ser a asistencia externa.
Debilidade - Organización de centro - O centro carece de equipo de dinamización dixital e coordinación TIC

#### 4.2.2. Indicadores

| Indicador | Valor inicial | Valor obxectivo ano 1 | Valor obxectivo ano 2 | Valor obxectivo ano 3 | Valor obxectivo ano 4 | Valor acadado |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Hai un equipo TIC no centro | Non existe equipo TIC | Hai un Equipo TIC no centro e ten horas para exercer a súa función | | | | |

#### 4.2.3. Accións

| Acción | Data máxima | Temporalización |
|---|---|---|
| Nomear unha persoa coordinadora TIC de centro | 30/10/2024 | outubro |
| **Responsables** | Dirección | |
| **Destinatario** | Comunidade educativa | |

| Acción | Data máxima | Temporalización |
|---|---|---|
| Creación do equipo TIC | 31/10/2024 | outubro |
| **Responsables** | Coordinado/a TIC | |
| **Destinatario** | Comunidade educativa | |

### 4.3. Datos do obxectivo O02PD

| Código | Estado |
|---|---|
| O02PD | Pendente |

#### 4.3.1. Elementos DAFO relacionados

Ameaza - Administración educativa - Resolución das incidencias se alonga en prazos por ser a asistencia externa.
Debilidade - Alumnado - Escasa verificación de información extraída da rede para a entrega de traballos.

Debilidade - Alumnado - Falta de comentarios con outros alumnos sobre o traballo realizado.
Debilidade - Persoal docente - Profesorado con competencias dixitais básicas ou insuficientes.

### 4.3.2. Indicadores

| Indicador | Valor inicial | Valor obxectivo ano 1 | Valor obxectivo ano 2 | Valor obxectivo ano 3 | Valor obxectivo ano 4 | Valor acadado |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Mellora do nivel de competencia dixital docente do centro | 66,3/192 | Acadar os resultados da media galega (76,4)) | | | | |

### 4.3.3. Accións

| Acción | Data máxima | Temporalización |
|---|---|---|
| Desenvolver o PFFP: Xestión de aplicacións de interacción co alumnado. | 30/06/2025 | xuño, setembro |
| **Responsables** | Dirección | |
| **Destinatario** | Claustro | |

### 4.4. Datos do obxectivo O03PD

| Código | Estado |
|---|---|
| O03PD | Pendente |

### 4.4.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Infraestruturas - Carencia de espazos físicos para creación de talleres nalgunhas áreas
Debilidade - Infraestruturas - Ausencia de impresoras nas aulas e existencia dunha única impresora para todo o profesorado.

Debilidade - Infraestruturas - O centro non dispón de equipos suficientes para o alumnado de ESO e BAC.

Debilidade - Infraestruturas - Conexión inestable a internet, producíndose extrema lentitude e cortes en ocasións.

Debilidade - Infraestruturas - Falta de apoio técnico.

### 4.4.2. Indicadores

| Indicador | Valor inicial | Valor obxectivo ano 1 | Valor obxectivo ano 2 | Valor obxectivo ano 3 | Valor obxectivo ano 4 | Valor acadado |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Número de equipos para uso común | 1 aula de uso común con | Aumentar un 20% os equipoos de uso común | | | | |

### 4.4.3. Accións

| Acción | Data máxima | Temporalización |
|---|---|---|
| Aumentar os espazos dixitalizados | 30/06/2025 | xuño |
| **Responsables** | Dirección | |
| **Destinatario** | Comunidade educativa | |

| Acción | Data máxima | Temporalización |
|---|---|---|
| Renovar proxectores en algunhas aulas.<br>Desenvolver o PFFP: Despregamento dunha rede para a xestión da FP, que consiste na posta en funcionamento de servidores e dominios nos ciclos de informática e administrativo. | 30/06/2025 | xuño |
| **Responsables** | Dirección | |
| **Destinatario** | Comunidade educativa | |

| Acción | Data máxima | Temporalización |
|---|---|---|
| Renovar equipos informáticos | 30/06/2025 | xuño |
| **Responsables** | Dirección/consellería | |
| **Destinatario** | Comunidade educativa | |

### 4.5. Datos do obxectivo O04PD

| Código | Estado |
|---|---|
| O04PD | Pendente |

### 4.5.1. Elementos DAFO relacionados

Ameaza - Administración educativa - Resolución das incidencias se alonga en prazos por ser a asistencia externa.
Debilidade - Alumnado - Escasa verificación de información extraída da rede para a entrega de traballos.

Debilidade - Alumnado - Falta de comentarios con outros alumnos sobre o traballo realizado.
Debilidade - Organización de centro - O centro carece de equipo de dinamización dixital e coordinación TIC
Debilidade - Persoal docente - Carencia de tempo para desenvolver material para o aprendizaxe en tecnoloxías dixitais.

### 4.5.2. Indicadores

### 4.5.3. Accións

| Acción | Data máxima | Temporalización |
|---|---|---|
| Aproveitamento dos recursos da AV e da páxina web do centro. | 30/06/2025 | xuño |
| **Responsables** | Claustro | |
| **Destinatario** | Alumnado | |

| Acción | Data máxima | Temporalización |
|---|---|---|
| Aproveitamento do material de Polos Creativos como recurso didáctico. | 30/06/2025 | xuño |
| **Responsables** | Claustro | |
| **Destinatario** | Alumnado | |

| Acción | Data máxima | Temporalización |
|---|---|---|
| Desenvolver actividades educativas sobre o uso de ferramentas dixitais | 30/06/2025 | xuño |
| **Responsables** | Claustro | |
| **Destinatario** | Alumnado | |

| Acción | Data máxima | Temporalización |
|---|---|---|
| Desenvolver o PFFP: Xestión de aplicacións de interacción co alumnado, que consistirá en formar ao profesorado no manexo das ferramentas Moodle, Abalar, AbalarBox, XADE, ... | 30/06/2025 | xuño |
| **Responsables** | Dirección. | |
| **Destinatario** | Claustro | |

## 4.6. Datos do obxectivo null

| Código | Estado |
|---|---|
| null | Pendente |

### 4.6.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Organización de centro - O centro carece de recursos dixitais en liña ben organizados.

Debilidade - Organización de centro - Carencia dunha boa estratexia dixital.
Debilidade - Persoal docente - Uso de ferramentas non corporativas con posibles riscos na protección de datos.
Oportunidade - Lexislación - As novas lexislacións tenden a fomentar o uso das TICs.

### 4.6.2. Indicadores

#### 4.6.3. Accións

| Acción | Data máxima | Temporalización |
|---|---|---|
| Revisar, actualizar e organizar os contidos/recursos publicados. | 30/06/2025 | xuño |
| **Responsables** | Dirección | |
| **Destinatario** | Comunidade Educativa. | |

| Acción | Data máxima | Temporalización |
|---|---|---|
| Publicar novas periódicamente e realizar un seguemento mensual. | 30/06/2025 | xuño |
| **Responsables** | Dirección | |
| **Destinatario** | Comunidade Educativa. | |

## 5. Seguimento

### 5.1. Procedemento para o seguimento

O equipo do plan de dinamización do plan dixital levará a cabo, a lo menos, unha xuntanza por trimestre para poñer en coñecemento e valorar os avances do plan.
A persoa mentora ADIX guiará e apoiará á coordinadorá no desenvolvemento do plan.
Por último, a persoa coordinadora terá acceso á ferramenta EDUCALIDADE para rexistrar os avances e avaliacións pertinentes deste plan.

### 5.2. Primeiro trimestre

### 5.3. Segundo trimestre

### 5.4. Terceiro trimestre

## 6. Avaliación

### 6.1. Procedemento para a avaliación

Podemos distinguir dous tipos de avaliación, a avaliación procesual (na que se analizará se se están cumprindo os prazos dados para cada un dos obxectivos) e a avaliación final (que se realizará a final de curso, e onde se extraerán conclusións sobre os obxectivos cumpridos,
Avaliación Procesual: Esta avaliación se realizará a final de cada trimestre, polo que o equipo directivo xunto con equipo TIC, reunirase nos meses de decembro, marzo e xuño para analizar se se está cumprindo o calendario de accións previsto no apartado anterior, analizando si:
Os obxectivos se están cumprindo na data prevista
Se se cumpriron de forma satisfactoria.
Se necesitan unha adaptación das accións a conseguir.
Se seguen sendo realistas, ou se deben adaptar a realidade académica do curso.
Calquera outro aspecto que se considere de relevancia.
Avaliación Final: Esta avaliación se realizará a final de curso, coincidindo coa avaliación procesual do terceiro trimestre.
Neste apartado de xeito global se analizará se:
Se se cumpriron os obxectivos previstos.
Desviación nos obxectivos non conseguidos na súa totalidade.

Análise dos motivos polos que non se lograron os obxectivos.
Se os obxectivos alcanzados se deben potenciar máis no curso seguinte ou xa están nunha situación óptima.
Se os obxectivos non alcanzados seguirán no curso seguinte, cun cambio nas accións para logralo ou do valor final previsto, ou se pola contra se desbota a súa consecución.
Análise do funcionamento do equipo TIC e a coordinación co equipo directivo.

### 6.2. Valoración xeral

### 6.3. Propostas de mellora

## 7. Comunicación e difusión

### 7.1. Procedemento para a comunicación e a difusión

Unha vez presentado o Plan Dixital ante o claustro e aprobado polo Consello Escolar, éste publicarase na páxina Web do centro. Así mesmo comunicarase ás familias calquera modificación mediante Abalar.

## 8. Outros datos

## 9. Anexos